

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2021/2022

CENTRO: IES CHAN DO MONTE  
CURSO: 3º ESO  
MATERIA: XEOGRAFÍA E HISTORIA  
DEPARTAMENTO: XEOGRAFÍA E HISTORIA  
DATA: 7 DE ABRIL DE 2022

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

<b>1. Criterios sobre a avaliación e cualificación</b>	
<b>1º Avaliación</b>	<p><b>Cálculo da nota da 1º avaliación:</b></p> <p>Realizaranse como mínimo dúas probas escritas por avaliación; a media dos mesmos suporá o 70% da cualificación.</p> <p>O 30% restante obtense a través da valoración do traballo do alumno ao longo do curso, así como do grao de interese e implicación na materia. A valoración do traballo do alumnado realizarase a través de métodos obxectivos de corrección (co emprego de rúbricas, listas de cotexo e similares) aplicados sobre as distintas actividades realizadas (traballos de investigación, análise de documentos, realización de unidades didácticas específicas sobre contidos audiovisuais ou libros, traballos colaborativos, etc.).</p> <p><b>Procedemento de recuperación da 1º avaliación:</b></p> <p>Durante o período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación ordinaria, aqueles alumnos que teñan a 1ª avaliación suspensa realizarán tanto exercicios de reforzo como unha proba escrita de recuperación.</p> <p>O exame computará segundo os criterios establecidos na Programación Didáctica.</p> <p><u>Nota:</u> O alumnado coñecerá as datas da recuperación con anterioridade suficiente para a súa preparación.</p>
<b>2º Avaliación</b>	<p><b>Cálculo da nota da 2º avaliación:</b></p> <p>Realizaranse como mínimo dúas probas escritas por avaliación; a media dos mesmos suporá o 70% da cualificación.</p> <p>O 30% restante obtense a través da valoración do traballo do alumno ao longo do curso, así como do grao de interese e implicación na materia. A valoración do traballo do alumnado realizarase a través de métodos obxectivos de corrección (co emprego de rúbricas, listas de cotexo e similares) aplicados sobre as distintas actividades realizadas (traballos de investigación, análise de documentos, realización de unidades didácticas específicas sobre contidos audiovisuais ou libros, traballos colaborativos, etc.).</p> <p><b>Procedemento de recuperación da 2º avaliación:</b></p> <p>Durante o período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación ordinaria, aqueles alumnos que teñan a 2ª avaliación suspensa realizarán tanto exercicios de reforzo como unha proba escrita de recuperación.</p> <p>O exame computará segundo os criterios establecidos na Programación Didáctica.</p> <p><u>Nota:</u> O alumnado coñecerá as datas da recuperación con anterioridade suficiente para a súa preparación.</p>
<b>3º Avaliación</b>	<p><b>Cálculo da nota da 3º avaliación:</b></p> <p>Realizaranse como mínimo dúas probas escritas por avaliación; a media dos mesmos suporá o 70% da cualificación.</p>

	<p>O 30% restante obtense a través da valoración do traballo do alumno ao longo do curso, así como do grao de interese e implicación na materia. A valoración do traballo do alumnado realizarase a través de métodos obxectivos de corrección (co emprego de rúbricas, listas de cotexo e similares) aplicados sobre as distintas actividades realizadas (traballos de investigación, análise de documentos, realización de unidades didácticas específicas sobre contidos audiovisuais ou libros, traballos colaborativos, etc.).</p> <p>Procedemento de recuperación da 3<sup>o</sup> avaliación:</p> <p>Durante o período comprendido entre a 3<sup>a</sup> avaliación e a avaliación ordinaria, aqueles alumnos que teñan a 3<sup>a</sup> avaliación suspensa realizarán tanto exercicios de reforzo como unha proba escrita de recuperación.</p> <p>O exame computará segundo os criterios establecidos na Programación Didáctica.</p> <p><u>Nota:</u> O alumnado coñecerá as datas da recuperación con anterioridade suficiente para a súa preparación.</p>
<p><b>Cualificación final</b></p>	<p>Cálculo para obter a cualificación final de curso:</p> <p>A nota deriva da media das tres avaliacións. Como é lóxico, terase en conta posibles modificacións en relación ás actividades realizadas no período comprendido entre a 3<sup>a</sup> avaliación e a avaliación ordinaria final. Nestas, cada discente poderá acadar ata dous puntos adicionais á nota obtida ao rematar a 3<sup>a</sup> avaliación.</p>
<p><b>Alumnado de materia pendente</b></p>	<p>Cálculo para obter a cualificación final de materia pendente:</p> <p>Mantense a realización de dúas probas parciais (febreiro e abril) e, no caso de ser necesario, unha proba final en xuño. Dependendo dos resultados, contémpase que:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Superadas ambas as dúas (con nota igual ou maior a cinco), a cualificación obterase da media aritmética das mesmas.</li> <li>- Cunha proba parcial superada, a cualificación final será o resultado de promediar a parte xa superada coa parte correspondente na proba final, sempre que neste se teñan catro ou máis puntos e o promedio sexa igual ou maior que cinco. De non seren así, a cualificación final será a da proba final.</li> <li>- Se non tivera ningunha proba parcial superada, a puntuación será a que obteña na proba final.</li> </ul> <p>En canto a metodoloxía, no caso de que a alumna ou alumno teña a materia aprobada do ano en curso, o docente valorará a realización de actividades de preparación da materia pendente no período comprendido entre a 3<sup>a</sup> avaliación e a avaliación final.</p> <p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Corrección das citadas probas escritas de avaliación.</li> </ul>

<b>2.1. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a 3º avaliación e a avaliación final na ESO (apoio, reforzo, recuperación, ampliación e tutoría)</b>	
<b>Metodoloxía</b>	<p>Empregarase unha metodoloxía activa e individualizada. O docente poderá contemplar a aprendizaxe entre iguais sempre que haxa un ambiente favorable e sexa posible.</p> <p>A selección de actividades de reforzo e recuperación serán destinadas ao alumnado que mantén algunha ou varias avaliacións suspensas, pensadas na preparación das probas escritas de recuperación expostas no apartado 1 deste mesmo documento.</p> <p>A escolla das actividades de reforzo e ampliación para aqueles alumnos que teñan superada a materia no momento de finalizar a 3ª avaliación será realizada polo docente seguindo os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividades en relación cos contidos curriculares das Unidades Didácticas onde o alumnado acadou unha cualificación máis baixa.</li> <li>- Actividades en relación cos contidos curriculares que poidan ofrecer un maior interese e motivación entre o alumnado.</li> </ul>
<b>Actividades tipo</b>	<p>Segundo a súa intencionalidade:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>a) Actividades de recuperación</li> <li>b) Actividades de reforzo</li> <li>c) Actividades de ampliación</li> </ol> <p>Segundo tipoloxía:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>a) Definicións básicas de conceptos históricos e xeográficos.</li> <li>b) Comentario de debuxos ou fotografías de xeografías, esquemas, obras de arte, documentos cartográficos, etc.</li> <li>c) Actividades de relacionar conceptos históricos ou xeográficos.</li> <li>d) Preguntas teóricas de desenvolvemento breve.</li> <li>e) Identificación de propostas verdadeiras e falsas sobre contidos estudados.</li> <li>f) Repaso dos contidos máis complexos de entender para o alumnado.</li> <li>g) Realización de esquemas e resumos dos contidos máis complexos.</li> <li>h) Preparación de breves exposicións en grupos.</li> <li>i) Creación de material audiovisual (infografías, mapas dixitais, etc.).</li> </ol>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Material ordinario da aula.</p> <p>Libro de texto.</p> <p>Recursos audiovisuais (vídeos na web e fragmentos de filmes).</p> <p>Recursos da biblioteca.</p> <p>Ordenadores.</p>